


Núm. 93

Tomo 8.^o

nós



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 >

Número solto 0'70 >

NOTA

Este boletín non publicará mais crixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Romance, POR EMILIO PITA

Unha Carta Inédita de Don Xosé de Figueredo, POR ALVARO DE LAS CASAS.

La Leggenda di Carlo Magno, POR AVBLINO GÓMEZ LEDO, (trad. de Guido Battelli)

Unha poesía inédita de Don Xosé Rodríguez Seoane, POR J. LUIS SANTALÓ Y R. DE VIGURI

Arquivo Filolóxico i-etnográfico de Galiza.

Miscelánea.

Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACIÓN

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2.^o

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII ★ Ourense 15 de Setembro do 1931 ★ Núm. 93

R O M A N C E

Fidalgo, vello fidalgo
que soio pregoas ontes.
Agora, no mol silenzo
dos teus días que son noites,
ollas as rúas tristeiras
que manseliñas se dormen;
as rúas mouras de pedra;—
rúas barrocas que acorren
o teu dôr, vello fidalgo,
que soio pregoas ontes.
Na túa dorna marela
mar de lembranzas percorres;
i-encol das rúas barrocas
que manseliñas te acorren,
ollas tempos esvaídos
como as rúas que se dormen;
priguizas do sol do dia,
agora trebas de noites.—

En tí xa non vive o tempo
mais está vivindo a morte,
fidalgo, vello fidalgo
que soio pregoas ontes.
Dende o teu silenzo mol,
doce, ateigado de lonxes,
pregas esmola ós recordos
pra que teus ollos non ollen.—
Encol da dorna marela
encol das rúas que morren,
ouve o meu canto que abala
pol-os camiños da noite,
ouve o meu canto fidalgo
que soio pregoas ontes.

¡Eu de recordos non vivo;
pol-os recordos non morres!

EMILIO PITA



UNHA CARTA INEDITA DE XOSE DE FIGUEIREDO

Moitos son os libros portugueses que hai na biblioteca de Oviedo Arce e é cousa de maxinar si non serían moitos máis, visto que a millor parte dos seus fondos desapareceron denantes de chegar ó Instituto de Noia, onde agora se gardan. O intrés do chorado sabio pol-as cousas lusitanas, é cousa crara con soio reparar nos dicionarios da lingoa de Camões, que foron da sua propiedade; e do prestixio do mestre nos meios inteleituás do país irmán, temos boa proba na carta que topei, e que trascrevo do gran Xosé de Figueiredo.

Conven reparar que d'este autor soio hai un libro n-esta colección: «O pintor Nuno Gonçalves» (Lisboa-Typ. do Annuario Commercial, Praça dos Restauradores, 27-1910). O eisemprar ven adicado así:

«Ao illustre e erudito archeólogo D. Eladio Oviedo Arce, homenagem do seu muito admirado e obrigado José de Figueiredo».

Pois ben; entre as páxinas cincuenta e cincuenta e unha da obra, topei a carta do autor, que dí así:

«Ministerio do Reino—Direcção Geral de Instrucción Pública.

22 de Agosto de 1910.

Meu Emo. e bom amigo:

A approximación da data da carta de V. E.^a com a d'esta minha enche-me de remorsos, pois verifico que ha já dois mezes que V. E.^a me escreveu, sendo por tanto este o período do tempo que eu o deixei sem resposta.

Não creia V. E.^a que seja menos consideração ou estima por V. E.^a nem falta de reconhecimento por todos os favores que lle devo, agora aumentados com as boas palavras que me diz na sua ultima carta e com a remesa da fotografia da taboa de Belvis, para mim tão excepcionalmente valiosa, a causa do meu silencio. O que me tem impedido o cumprimento de tão grato dever tem sido só os meus muitos affazeres. As minhas ocupações habituaes acresceram agora as que me trazem uma larga correspondencia com escriptores ingleses e franceses, que se estão ocupando desenvolvidamente da minha descoberta. No proximo mez, começarão a aparecer em Paris e Londres, estudos que eu espero poder comunicar a V. E.^a.

Alem d'isso, a idea em que eu estava de ir ahí visitar V. E.^a este mez, para, em conformidade com o generoso offrecimento de V. E.^a fazer na sua companhia uma excursão artística pela Galliza, tranquilizava-me, pois então poderia eu justificar-me perante V. E.^a do meu tão demorado silencio. Infelizmente, os meus planes tiveram que ser alterados e não creio já poder, este anno, na companhia de V. E.^a realizar a excursão artística para que V. E.^a teve a gentileza de convidar-me. D'hoje até ao fin de mez, tenho todo o meu tempo tomado e no dia 5 de setembro, se Deus quizer, devo passar en Vigo, embarcado, em direcção a Hamburgo. D'ali sigo, por Berlín, Dresde e Munich, para Vienna d'Austria, colher mais

elementos pra a edição franceza que a casa Van Dest, de Bruxellas, vae fazer do meu livro.

E a propósito não seria possivel obter-se uma fotografia da taboa de Belvis do tamanho 24 por 30, ou, pelo menos, 18 por 24? Sendo esso possivel e não havendo ahí chapas especiaes achromaticas, eu mandal-as-hia V. E.^a. Tinha grande empenho em reproduzir na edição franceza do meu livro, a *taboa de Belvis* e ainda, se isso fosse possivel, um fresco gallego do XIII ou XIV século. E como a edição não ter o tamanho da portugueza, e ainda mais luxuosa, são indispensaveis fotografias, pelo menos, do tamanho 18 por 24.

Se houvesse ahí quem estivesse disposto a pagar as despezas de viagem e hospedagem (e a viagem é só do Porto a Santiago) ao Prof. Luciano Freire, o admiravel restaurador dos quadros de S. Vicente, e meu collega na Academia Real das Bellas-Artes de

Lisboa, eu conseguiria que elle fosse ahí examinar e tractar a taboa de Belvis. Arrancada a legenda que lhe foi applicada no século XVII (?) poder-se-hia com segurança fazer-se o seu estudo, e essa honra caberia a V. E.^a para maior lustro da Galiza e da arte Gallaico-portugueza.

Por ser desinteressadissimo, o Freire não é rico, e por isso só pagando-lhe as despezas de viagem e as de hospedagem, poderá ir ahí.

Rogo-lhe o obsequio de me escrever para:
Avenida da Boavista 17 II, Porto, Portugal
De V. E.^a admirador e amigo grato e dedicado.—José de Figueiredo».

Coido de grande intrés a carta, e decidimo á dala à pubridá, tanto pra que sexa unha lumieira más pra quen faga a biografia do chorado erudito noiés, canto pol-o que supon de autobiográfico no distinto nome de cencia da terra irmán.

ALVARO DE LAS CASAS





LA LEGGENDA DI CARLO MAGNO

(dal *Romanceiro Compostelán*)

I.—IL RIPOSO DI CARLO MAGNO

Posava Carlo Magno, il grande Imperatore
che ormai di tutto il mondo già fatto era signore.
Fra piume e bianchi lini tranquillo riposava
«Che giova affaticarmi?» entro di sé pensava;
«che giova ormai combattere, se tutto il mondo è mio?
Tutte le terre io corsi, quasi un alfier di Dio;
spiegando l'orifiamma sul mio cavallo bianco,
passai di gente in gente, non mai di guerre stanco.
Vinsi Germania e Italia, l'orgoglio mussulmano
conobbe quanto valga la mia posseata mano.
Ma ora che son vecchio, sol di riposo ho brama,
ché rischi né disagi la tarda età non ama.»

II.—LA VISIONE NOTTURNA

Da la finestra aperta via per il ciel notturno
vede l'Imperatore che un gregge taciturno
di bianche stelle sorge lento su su dal mare
e camminando assiduo, senza giammai posare,
lì da ponente volge verso la dolce Spagna.
lasciando addietro Italia e Francia ed Alemagna.
E quando di Galizia giunge a la punta estrema,
s'arresta il bianco gregge e stella più non trema.
«Che vuol dir ciò?» chiedeva il vecchio Imperatore,
ma niun saggio sapeva rispondere al signore.
Allor che tutto a un tratto ei vide all'orizzonte
balenare una luce d'un angiol su la fronte.

III.—SANT' IACOPO

Ma un angelo non era, era un gran cavaliere
sopra un caballo bianco, più che 'l vento leggero.
Avea la lancia in resta, la faccia luminosa,
la capelliera al vento, correva senza posa.
Gli disse Carromagno, con gran rispetto e onore:
«Che mai chiedi da me, gentile mio signore?»

«Son uno degli Apostoli, l' apostolo Sant' Iago,
 Bonergues (1) son chiamato, e non d' altro son vago
 che il corpo mio incorrotto, che giace sotterrato
 in un' oscura grotta, da tutti sia onorato.
 Il cammin che tu vedi seminato di stelle
 t' insegnà che convienti sempre di seguir quelle
 con tutti i tuoi soldati, levando sul pennone
 la croce a mo' di spada. Procedi nel mio nome
 e i Mori fuggiranno diananzi al tuo sembiante.
 Poi tutto il mondo intero si prostri a me dinante,
 vengano d' ogni parte a frotte i peccatori
 per chiedere il perdono ai lor trascorsi errori.
 Va' figlio, non temere, che nell' aspra tenzone
 il braccio mio infallibile ti sarà sempre sprone,
 e in premio dei travagli, chiedo per te al Signore
 un posto in Paradiso e quaggiù eterno onore.»

IV.—A CAVALLO!

Così va Carlo magno col suo accompagnamento;
 elmi corazze e picche, mille bandiere al vento.
 Com' acqua d' un torrente scende furiosa al mare,
 col lor trotto i cavalli la terra fan tremare.
 Atterrita la gente s' affolla in su le porte,
 non sa cosa pensare di quella gran coorte.
 Saranno quello stormo d' orribili giganti
 che il libro apocalittico dipinge così aitanti?
 Saran forse demoni usciti dall' inferno,
 sciolti da le catene a un cenno dell' Eterno?

V.—LA STELLA MISTERIOSA

Così va Carlo magno e i pari tiene al fianco,
 tutta la terra trema e il mar di spuma è bianco.
 Dovunque tu scorgevi fiorire orti e verzieri
 fulgida in ciel la stella guidava i cavalieri.
 E Carlo magno impavido di gran trotto cammina,
 ché in lotta va coi Mori e a vincerli s' ostina.
 Il sire d' Occidente ognor segue sua stella;
 quando la stella posa, son giunti a Campostella.
 Come baglior d' aurora, la stella rutilante
 fermossi, somigliando in cielo un gran diamante.

VI.—TURPINO BENEDICE I COMBATTENTI

«Alto qui! cavalieri,» gridò l' Imperatore,
 «è tempo d' eseguire il detto del Signore!»
 Di cominciar la pugna Rolando era anelante,
 ma il vescovo Turpino e tutti si fa innante:
 «Nel nome del Signore, io vi scongiuro, amici,

(1) che in ebraico significa *tronco*.

di mai volger le spalle davanti agli inimici.
 Morire poco importa, ma solo ognun sia pago
 d' avere la vittoria in nome di Sant' Iago.
 Nel ciel vedete il segno ormai di vostra gloria,
 non è già per mancare quest' oggi la vittoria,
 Avanti, o paladini, avanti, o Francia, *ultra!*
 Moriamo nell' impresa, se occorre. Gesù, *eja!*

VII.—IL GRIDO DI GUERRA

L' Imperator s' inchina, fa cenno d' assensione,
 ta bianca barba giunge quasi a toccar l' arcione;
 rianima la Fede il vecchio lottatore
 ricorda la promessa di Sant' Iago maggiore.
 «Va', non temere figlio, che nell' aspra tenzone
 il braccio mio infallibile ti sarà sempre sprone.»
 «Mongioia! urla re Carlo con voce altisonante,
 e il prode suo Rolando dà fiato all' olifante.
 «Mongioia! gridan tutti, brandendo la lor spada:
 oh come brilla al sole, lucente la masnada!
 Olivier e Rolando, Godofredo e Garino
 procedono superbi sfidando il lor destino.
 «Oggi,» dice Rolando, «io voglio essere un Marte,
 né tregua mai né posa vo' dare a Durindarte!»
 Dice il conte Olivier: «Io ti terrò ben cara,
 o tu che brilli al sole, lucente mia Altachiara!»
 E dice il pio Garino: «S' avessi cento vite,
 io tutte vorrei darle per Sant' Iacopo unitel!»
 E dice Godofredo: «Farò la penitenza
 di non dar tregua ai colpi e non aver clemenza!
 Avanti, paladini; avanti, o Francia, *ultra!*
 Vedi che i Mori scappano, avanti, Gesù, *eja!*»

VIII.—NELLA MISCHIA

Nel folto de la mischia appare un cavaliere
 sopra un cavallo bianco, più che 'l vento leggero.
 De' Mori egli fa strage, più forte di Sansone,
 la destra tien la spada, nell' altra ha il gonfalone.
 Chi è quel cavaliere che mai di colpi è pago?
 Ognun giura che è quegli l' Apostolo Sant' Iago.

ABELINO GÓMEZ LEDO

Trad. Guido Battelli

AXIÑA APARECERÁN
 OS DOCE PASOS ESTAZONAES
 por MANOEL GARCÍA PAZ



UNHA POESÍA INÉDITA DE DON XOSÉ RODRÍGUEZ SEOANE

O Seminario de Estudos Galegos houbo de facerme o sinatado favor de confiar-me a grata misión de recoller os papés inéditos que deixou o meu defunto tio Don Xosé Rodriguez Seoane irmán do meu avó D. Lois tan coñecido como esquirtor galego.

Don Xosé que morreu no ano de 1860 non esquirbiu moito en galego, eu tan soio coñezo duas poesías: unha «Os pais e os fillos» pubricada pola primeira vez en «Artículos y Novelas» volume da Biblioteca Galega de Salazar (a Cruña 1889); e a outra «Lembranzas da terríña» que é a que atopei antrós papés do defunto D. Xosé nistes días.

Douna eiquí como antícpio da pubricación das Obras Completas que esixirán un laborar de moito tempo pra arranxar os moitos papés, antrós cales dévense nomear eiquí as follas de introdución ó estudio das Cántigas do Rey Alfonso X que son verdadeiramente unha Gramática Histórica da lingua galega.

Non debo dicir máis, que cicáis dixen moito.

E vou xa ca poesía:

LEMBRANZAS DA TERRÍNA

Airiños, airiños, aires
airiños da miña terra
airiños, airiños, aires
airiños, levaime a ela.
Can. popular.

*¡Ay triste do que longe
do chán en que soy nado
vive piando sempre
por velo e por lembralo!
E como pobre ingerto
sin follas nin ramallos
bota, si non alenta
no aire do pasado
¡Ay triste do que coida
ledo vivir en tanto
que pais, hirmáns e gente
están del esgazados!
Agiña cando corren
os días e os anos*

*lembrazas dan somente
consolo e mais remanso
agora mentras choro
e de cubizas me canso
alei pasando montes
hay mar e ceo e barcos
hay mar con verdes faixas
de golfe e mol regazo
hay mar que chirlos mirlos
na area fai ó paso.
E pol-o mar subindo
e pol-o río entrando
a freixa está do Lérez
bulindo sin descanso,*

*e a fonte dos feitos
a fonte dos paxaros
a fresca Figallosa
soando co seu cano,
E ald para entremedias
da terra que amo tanto
parezme ouvir o grande
cadoiro do Lezaro,
con agua que escachoa
facendo co seu salto
de escuma burbulliñas
de vídros un estralo.
¡Ay! si a sorte impla
quixeria jo chán galaico!
que eu vira de longe
o lume dos teus fachos!
Destonces fora solo
triscar polos teus prados
o meu proveito e folgo
e fora meu regalo,
tremer co-as tuas mulleres
cando revolta o trasno
cando sal a estadeiña
e a compañía os agros
ouvir os aturuxos
que fan compás os mallos
e o son d'aquela gaita
que me revolve os cascós
ollar os ameneiros
con niños de paxaros
ollar os seus cereixos
de merlos tan picados.
Longuear polos teus couros*

*pasear polos teus vales
escrebir polos bedolos
as letras do meu anxo.
Gaviar polas maceiras
andar por entre os matos
colher morotes d'hérbedo
e con pallas enfiálos.
Esculcaría as muruxas
onde pican os paxaros
o fincho e chuchameles
que abren o mes de mayo.
E a cheirosa melvela
buscaría para o caldo
az abrótagas do monte
que fan lume cos ramos.
Non, non quero da corte
gustos, que saen caros
gócenos, non llos envidio
homes ageromelados
a mí cuñ ripote solo
do meu eido en calquer lado
cunha regueifa de bicos
ja teño de todo abasto
miña gente e miña casa
miña terra de regalo
non desexo mais sinón
morrer en donde fun nado.*

† JOSÉ R. SEOANE.

Madrid-mayo de 1859,

Pol-a transcripción

J. LUÍS DE SANTALÓ R. DE VIGURI.

Compostela-setembro 1931,

ACABA DE APARECER

Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal

DISCURSO DE INGRESO NA ACADEMIA GALEGA (Coa contesta do Académico Vicente Risco)

por RAMÓN OTERO PEDRAYO

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

FOLKLORE DE SAN ANDRÉS DE SOMOZA, CONCELLO
DA ESTRADA, EN TERRA DE TABEIRÓS

Por F. BOUZA-BREY

(Recitadoras: Arminda Louzao, Manuela Coto, María Núñez, Dolores Rey, Xosefa Coto e moitas más dos lugares de Carballeira, Azurceiros e Chán da Aldea).

CANCIÓN DE REISES (1)

Primeiro Coro

Escuchen, señores,
un caso excelente
de los tres Reis Magos
parten del Oriente
a adorar al niño
que está en el portal.

Segundo Coro.—Estribillo

Estrella los guía
que allí ha de estar
la cara del niño
para presentar
envuelto en un vuelo (*sic*)
le van a adorar.

Primeiro Coro

Los rayos de luces
van por los balcones
ellos van diciendo
a los corazones
envuelto en un vuelo
lo van a adorar.

Segundo Coro

Estrella los guía...

Primeiro Coro

De los claros cielos
nació clara estrella
por gracia divina
siguieron pór ella
y por ella fueron
al santo lugar.

Segundo Coro

Estrella..... etc.

Primeiro Coro

Allí está Belén
que es portal sagrado;
allí está Belén
pobre derrotado
Corte celestial
donde lo hallar.

Segundo Coro

Estrella... etc.

Primeiro Coro

Hallaron María,
San José con ella
no hallaron al niño,
lo tenía ella
envuelto en un vuelo
lo van a adorar.

Segundo Coro

Estrella..... etc.

(1) Asegún o ilustre folklorista D. Eduardo M. Torner, istos reises pertenecen ó escritor do século XVI Xohán del Encina, constituyendo curiosa adaptación popular con interesantes variantes galegas de unha canción cortesana.

Primeiro Coro

Oro, incienso y mirra
le ofrecen al niño
para más grandeza
del oro más fino
envuelto en un vuelo
lo van a adorar.

Segundo Coro

Estrella.... etc.

Primeiro Coro

Estrella triunfante
que nos ilumina
de los claros cielos
con grande alegría
envuelto en un vuelo
lo van a adorar.

Segundo Coro

Estrella..... etc.

Primeiro Coro

Hemos concluido,
hemos rematado
tan sólo esperamos
un buen aguinaldo
unas buenas manos
para presentar.

Segundo Coro

Estrella.... etc.

Primeiro Coro

Las amas de casa
que son las primeras
que suban arriba
de sus chimeneas
y bajen chorizos
para nol·os dar.

Segundo Coro

Estrella.... etc.

Primeiro Coro

Vámoslle cantando
de estas embaixadas
que nos han de dar
cribas de castañas
para presentar.

Segundo Coro

Estrella.... etc.

Primeiro Coro

Déanos, Señora,
anque sea pouco
touciño e medio
e metá de outro
envuelto en un vuelo.
para presentar.

Segundo Coro

Estrella los guía
etcétera, etc.

OUTRA CÁNTIGA DE REISES

Orientes, orientes Reises
todos tres en compañía
iban a adorar al niño
que en Belén nacido había.
Se pusieron a adorar
a quien más le adoraría;
se pusieron a ofrecer
a quien más le ofrecería;
uno le ofrece oro
otros incienso y mirra.
Bajó un angel del cielo
cantando el Ave María;
la parida queda buena
en su cama recogida.

CÁNTIGA DE NADAL

En el portal de Belén
ciudad de Galileia
donde la Virgen parió
una relumbrante estrella.
—¿Qué haces ahí María,
Qué haces ahí doncella.

—Estoy buena, San José,
no dejo de tener pena,
al ver al hijo de Dios
nado en tanta pobreza
sin tener en que lo envuelva
sino un poco de herba.
la mula bien se la come
el buei bien se la remea.
Bajó un ángel del cielo
ricos pañales traía,
unos eran de holanda
otros de holanda fina,
otro de seda bordado
donde Cristo se envolvía.
Subió el ángel al cielo
cantando el Ave María,
la parida queda buena
en su cama recogida.
Hijo mío muy amado
que la muerte te se ordena,
irás al Monte Calvario,
hallarás una escalera
con una cruz y un letrero
que dirá de esta manera:
«Aquí Murió Jesucristo
Rey de los Cielos y Tierra;
no murió por sus pecados,
que por nosotros muriera
la culpa la tuvo Herodes
Pilatos culpa tuviera,
la culpa la tivo Judas
que fué el que lo vendiera;
lo vendió en treinta dineros
que más por él no le diera.
Entre rosas y jardines
el rey pidió el aguinaldo,
También nosotros pedimos
de lo que Dios haya dado.

¡Aguinaldo, mi amo!

CÁNTIGAS E TRIADAS

No areal de Peralta
vin baixar unha cabala.
Mariñeiro de Maroña
vinde largar a secada

Este liño que espadelo
Non sei si o fiarei;
das malas lingoas do mundo
non sei si me librarei.

A Somoza teño de ir
anque me poñan cancelas
A Somoza teño de ir,
abrindo e cerrando nelas.

Teño de vir a Somoza
nuns zoquiños de abeneiro;
pra que peleien por mí
heime meter arrieiro.

A regueifa está na mesa
prenda do meu paladar
vótame a regeifa fora
sin ela non hei marchar,

A regueifa está na mesa
e no meio ten un bolo
o que queira roubala
tenche que matar o dono (1).

Mocíños de Tabeirós
ben vos podés alabar,
tendel-as rodas nas Quintas
o chedeiro en Tosar (2).

Mocíñas de Tabeirós,
poucas son e menos sean
colgadas no campanario
polo ben que nos deseán.

Mocíños de Tabeirós
metidiños nun caneiro
logo van os da Somoza
atacalos cun fumeiro.

Mocíñas de Tabeirós
non vaiás ó Santo Estebo
Que as mozas de Guimarey
quérenvos facer o pelo.

As mocíñas da Somoza
todas xuntas nun portelo
unhas cantan, outras bailan,
outras dan ó tarabelo.

(1) Iste versos de regueifa son procedentes, asegúra nos dixo a recitadora, de Negreira, pois na Somoza non é comécidio o costume a que fan referencia.

(2) Ista cántiga é unha das mais celebradas na parroquia. Vai dirixida, como outras de iste pequeno cancioceiro, ós mozos de Tabeirós, parroquia inmediata a quem toman como branco das cántigas de maldicir os da Somoza. O inxenio está en que Rodas e Chedeiro son apelidos de familias de Tabeirós que residen en Tosar e Quintas, lugares da mesma freguesía, lonxanos entre si.

O meniño é pequeno
levalo ó San Tomé,
que si o meniño é pequeno
tamén o santiño é.

Quen me dera un cordón de ouro
que non me perda a pintura
podo falar con quen queira
que non fixen escritura.

«Quen me dera», non é ter
o que na vila se vende;
quén me dera acambeiar
un refaixo por un dengué.

Meniña peina o cabelo
e non seas preguiceira
que o cabelo é a honra
de unha meniña solteira.

Pon a cofia do direito
non-a poñas do rivés
que ainda queres figurar
meniña o que tí non és.

A moza que non se axuda
cando ten a ocasión
dempois socede a quedar
cantando o kirieleysón.

Meniña cantá e bailá
gardá o pipirricheiro
que a que non canta nin baila
é a que o dá primeiro.

Toca, miña pandeireta,
senón heite de querbar
que me custachelos cartos
axúdamos a ganar.

N-aquela banda do río,
do río n-aquela banda.
hai unha raparigüela
moitos recados me manda.

Señor Xuez non me prenda
que eu lle direi a verdá
que lle dormín c-unha nena
a noite de Navidá.

A Somoza ten a sona,
a Somoza a sona ten;
a Somoza ten a sona
de cantar e bailar ben,

N-aquela banda do río,
ten meu pai un castñeiro,
bota castañas no Outono
uvas no mes de Xaneiro.

De onde son, de onde serán:
de San Andrés da Somoza,
dos cardadores de lán. (1)

De onde son, de onde serán:
de San Andrés da Somoza,
de aquela terríña chán.

Somoza, montaña fría,
a i-auga que n-ela nace
que lindas muchachas cría.

O cantar das espadelas
cantaio, nenas, cantaio,
cantaio que ben se leva.

Venho eiqui non venho a nada,
como son foliadeiro
vénoche de foliada.

A muifreira do mar,
tocádeme a muifreira
que a quero ver bailar. (2)

Unha noite non é nada,
unha semanía enteira
esa sí que é foliada.

Maruxiña, antecea
pillame aquela troitinha
que vai no canal de Vea.

Fiando na miña roca,
cada semana seu fio,
no ano unha mazaroca.

(1) Os veciños da Somoza viviron sempre do seu oficio de cardadores que lle daba sona nas veciñanzas e ainda salian de elas a traballar a forra; hoxe estífonse iste xelito de vida e a parrequia de Somoza dá excelentes canteiros.

(2) Conócese n-esta cántiga co nome de «muifreira do mar» a ribeirana, bellada na Ría de Arousa.

Canta que te hei de axudar
a esa xente que marmura
deixádea marmurar.

Cinta verde, cordón de oiro,
para que queres marido
se che ha de mallal-o coiro.

Cara de leite fervido,
vaite onde D. Serafin
que che saque o enganido. (1)

Cara de cañoto seco,
ti non te metas conmigo
que eu contigo non me meto.

Eres alta sen canillas
cando che pareu tua nai
non se usaban pantorrillas.

Da ribeira ribeirán;
pasei a ribeira toda
n-encontrei mellor galán.

(1) Don Serafin era un médico popular.

Ribadavia do Ribeiro
despáchame de aquí logo
vou rapar outro terneiro.

CANTO DE BERCE

Ora, meu neníño, ora
se non queres calar chora;
teu pai vaiche no muíño,
tua nai na herba seca,
ora meu neníño, ora
non hai quen che dea a tetá,

RECITADO DA NOITE DE SAN XOHAN Ó TEMPO DE BRINCAR POR RIBA DA FOGLUEIRA.

¡Sálvate, lume de San Xohan, pra que non
che morda cadela nin cán (1).

(1) Hai variante moderna do dia de San Pedro, adaptada de iste esconzuro que presenta paralelos en toda Galicia. Dic: ¡Sálvate, lume de San Pedro, pra que non che morda cadela nin perro!

Convén asitilar que na Somoza se topa tamén o romance da Santa Irene, ou Santa Elena, como eiquí lle chaman, mais non-no damos por ser esaltamente igual à variante publicada por nós como procedente de Paradela n-estas mesmas páxinas. (Vide NÓS, número 90).

RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

RESUME XENERAL DE FOLKL-ORE DE SANDIÁS

POR URBANO SANTANA

(Proseguimento)

No vestir, en mulleres, antes levábase a cintur'apretada, y'abaixo, a saya con moi-to vuelo e mariñaque; levábase muradana, mantillón e dengue. Hoxe, por'o contrario, parece que se tira máis por'a «línea reuta»: a saya más curta (hast'o medio da perna) e más apretad'abaixo, lévas'o mandil, y'o paño da cabeza, o que non se leva pra ir a festa; pra ésta, zapato baixo, y'a diario chancas. A muller anda sin tapar, ordinariamente, pero pra ir a misa, leva manteo, mantón ou toquillón. En homes, o vir o inverno, lévase, pras festas e feiras, unha zamarra, polainas, bufanda, a cadea do reló pendurada do chaleque y'algunha cra-

bata; a diario un traxe de pana e chancas e, cando chove, unha coroza de xuncos. Contan que, antigoamente, o galo d'unha festa era o que mellor se presentara c'unhas calzas (cirolas) d'estopa, ben lavadas, e un chapeo de palla, c'unha cinta encarnada; antes o pantalón er'algo apretado; agora xa chegou a moda do «chanchullo».

As casas son todas de pedra (granito) e os techos cubertos de tella; pero, principalmente en Cardeita, e algo n'as Pegas, hay palleiras de terrós e cubertas con palla; pero ésta emprérase máis en cubertizos pra meter leña y'o carro. Predominaron as de pranta baixa, pero xa hay bastantes, mesmo

entre a xente probe, que teñen primeiro piso, anque sexa baixo e sin faiado moitas veces.

As partes principás d'unha casa, son: cu-ciña, corte ou cortes, cubil, perguia, sobrado, paneira e dispensa; hay casas destinadas única y'esclusivamente a palleiras ou cortes...

A cu-ciña, de quitado algunha, moi rara, é de pranta baixa; pois no primeiro piso non é tan servicial pr'acomodar, traer auga, navos, leña, etc., e con pequena variedá d'algunha, consiste: n'unha esquina da casa ou casifí aparte, no tellado ten unha chimenea c'un galo de lata n'o alto, que se pouxa nun pé e da voltas, movido por'o vento, cando sopla; outras, en vez de chimenea, teñen troneira, qu'e unha bufarda aberta no tellado e por riba tapada, como se fora c'unha mesa de catro pés, qu'estaba soportando unhas tellas a maneira de que deixe dous salideiros (*per diámetrum opósitum*) pr'o fumo; parece que as de troneira, son más fumosas c'as de chimenea.

S'entramos dentro, non alcontramos outra cousa que duas ou tres mesas de sentarse; unha pedra-mesa pra por os potes que non están en uso diario, que sol'estar arrimad'a unha parede; unha ucha onde se mete o pan, o leite, a carne, etc.; unha ola d'auga y'o latón pra bebela; duas botellas (a do gas y'a do aceite); outros teñen en vez de botellas, alcuzas; o caixón do sal y'o cacipo pra collelo e traelo; unha barreña; unha xerra de barro marelo; os fuelles pra soplar o lume; a canada de munguir a vaca; un candil y'un farol do gas; unha lacena pra gardar a louza, y'a falta d'esta, un alzadeiro; un plo pra calcar o pote dos porcos; iste é do núm'aro un, do dous ou do tres: ponse n'un sitio y'ali está sempre hasta que se fura de vello; por'os lados pónselle unhos forros ou unhas pedras, non moi gordas, y'é onde se fai o lume, búscase pra debaixo unha pedra llana, a da lareira, qu'é onde se fai «a vica». N'unha parede poñen as mulleres, colgados, unhos periódicos, que tran dond'o crego ou quen'os teña, pr'a espeteira, que se compón de algúns espeto, testos, cucharas, cazolas, candiles, etc., que s'usan moi pouco ou case nada. As familias un pouco mellor acomoden-

dadas, teñen unha caldeira de cobre colgada d'unha espaldeira que se destina a ter con auga, pr'a zorra dos chourizos na matanza, etc...

A corte está destinada a meter a xugada (qu'en moitos casos é de medias), y'o burro ou a besta, etc., n'ela faise; moitas veces, provisionalmente, se a casa non'o ten sopperado. o cubil pr'os porcos con unha cancela ou cos ladrás do carro. O que ten varias cortes, reparte o gando a sua maneira; ou se barre toda ou unha esquina pra votar patacas, etc.

Os muebles son principalmente arreos de labranza: arado (composto de rabiza, teumón, avecas, ameixelo, ateiroá e rella), tamén hay arados de ferro sólo pra decruar, ambos necesitan chavella, sedeño, aixada, sachó, sachola, aixadón, picaña, picañón, galla (n'outros sitios chámante forquita), fouces, manguitos, canistrelos, caldeiros, maseiras, agrade, cambóu, corza, fouciño, escada, etc.; xuntura (formada por mulidas, sogas, temueiro, xugo, etc.); angazo, carro (composto por rodeiro: rodas, cambas, ferrros, rellas, mión; eixe: medio, pequeiras; chedeiro: apoladoiras, chedas, traseira, sellado, pinallo, chavella, pechos, curculixas; leva: estadullos e ladrás).

Os Santos a que hay más devoción, son: San Antonio, abogado dos porcos e das causas perdidas; pra que aparezan, ofrécessell'unha limosna en diñeiro ou rézasell'o «responso». A iste Santo, más que ningún, dáselle limosna en carne, pra que conserve os porcos, pois xúntanse a vinte e más persoas de carne, todol'os anos, en cachuchas, lacós, peitos, uñas e chourizos, e vénsele toda xunta o dia (domingo) d'Entroido o sair da misa, por'os mayordomos encargados de pedir e ter a festa...

O San Benito (abogado de coxos e outros padecementos físicos), ten unha capilla no monte, que leva o nome do Santo. Ten ofrecementos de pernas, corpos, caras..., según os membros doentes do que ofrece, de cera, que os ten colgados na capilla. O dia da festa, e durant'o ano, hay ofrecementos d'andarill'as novenas de pé ou de rodillas; outros arruban o monte descalzos, porque lle fag'algún favor ou se xa llo ten feito...

Tamén é festa de merendas, ou mellor dito, xantares... Fanlle duas festas o ano, chamas das «San Benito de Marzo» e «San Benito de Seitura», acaso porque cadra nistes meses. É o Santo máis milagreiro que temos na parróquea. Nalgún tempo trouxeron pra irexa en procesión, pero escapábase de noite pro monte; por eso tuveron que faguerll'a capilla... (1) «D'unha vez, querendo levar unha pedra pra capilla, grande, e como está rodeada de paredón, andaban buscando por ond'entrar co carro, e, cando se descoidaron, os bois subiron por'as escaleiras de subir a xente, o que sólo s'explica como milagre, pois do contrario, non houbera sido posible que os bois subisen nin co carro valeiro tales escaleiras.» Sexa ésto certo ou non, o caso é que na capilla hay unhas muletias y'un cayado que proban que algúns subiu axudado de tales instrumentos, e o Santo fixo que non os necesitase pra baixar, y'entonces quedáronlle de regalo e como testimonio do milagre.

N'a granítica y'abobedada, de columnas adosadas (quizá romana), airexa (da que conserva o «tío Muñeco» un cuartillo grande que trouxo dond'o «Abade vello» e axudou a faguela (diceo él); hay otros Santos a maiores dos citados, tal como San Esteban (Patrón), o San Roque, que se festexa c'unha novena, pra que nos libre de pestes..., o San Pedro co'as chaves, a Virxe do Rosario, a Purísima encerrada entre cristales (ambos San Antonio).

Ademais da capilla do San Benito, hay na parróquea a do San Miguel, en Coalloso; Santa Ana, en Santana; Santa Magdalena, en Espido.

«Cando Noso Señor e San Pedro andaban por'o mundo, foron pedir pousad'a unha casa ond'había unha muller sóla; deitounos os dous n'unha misma cama, porque non tiña máis; cando foi dia, a vella tiña que salir a traballar e mandounos levantar, pero Noso Señor decíall'a San Pedro «deixémonos estar un pouquín máis»...; más a vella, asi que s'enrabechou, colleu un pau y'empezou a mollar en San Pedro qu'es-

taba de borda; despóis, él, queriase levantar pero Noso Señor díolle: «Non; en tal caso, cambiemos de sitio, porque se volve vir a vella, mállate outra vez y'así léval'as tú sempre». Cambiaron de sitio por fin, y'entonces volveu a vella: «¡ay condanados!, vos inda estades na cama? Pois deixai que denantes deille co pau o da borda, pero agora lévayás o da parede»; y'empezou a mollar outra vez en San Pedro; de forma que, quen levou pau foi sempre o San Pedro»...

«San José, como era carpinteiro, unha vez, canso de tirar por'o serrón, que non lle cortaba ben, púxose a descansar, e, mentres tanto, foi o demo e torceull'os dentes, unhos pra un lado, e outros pr'outro. Cando San José volveu collar o serrón, éste cortáballle moito mellor, y'uservou como tiñ'os dentes e, desd'entonces torceullos il mismo, y'os carpinteiros posteriores fan'o todos qu'é o que lle chaman «lizar» ou «dar lizo»; y'así, o demo, querendo faguer un mal, fixoll'un ben a San José, y'a todol'os carpinteiros». «Non hay mal que por ben non veña».

A procesión d'as ánimas é unha cousa que antes daba moito que falar. Hoxe son ben contados os que creen n'ela. «Cando van en procesión —decian— fan ceremonias como enterros: levan entre catro o cadáver, outras van chorando, outras fan de cregos e van cantando responsos», etc... «Todos os viernes van de visita a casa ond'a de morrer algúna persoas». «Se lle meten a cruz ou a vela a algúun vivo, ten que andar na procesión alumando (alumean con hósios) e ir a visita de viernes, pero despóis non sabe onde foi». «Unha vez era un mozo que andaba n'ela e levou unha tella e fixo un risco na parede ond'a porta d'onde entraba e pr'outro día anduvo mirando por'as portas do pueblo e foi dar co risco ond'a porta d'unha tía, sabendo así que ali fora de visita e iba morrer algúun da casa, como así foi.» «O que ande na procesión, ten que ir sempre que salgan as'outras, e non vale marchar pro extranjeiro; pois un foi pra Portugal, e viña andar na procesión». «S'algún día fai resistencia pra levantarse da cama e ir, dánlle en tirar por'as uñas dos pés e non ten outro remedio que ir.»

(1) O mesmo sole contarse de todol'os Santos que hay retirados do pobo; hay quen di qu'era o cara que o mandaba levar...

«Un mozo quitoulle a vela a unha, e o confesarse, dixoll'o cura; éste mandouno ir esperar a procesión, o mesmo sitio, e meterille na man a que fose sin éla. Foina esperar, e detrás de todas viña unha sin vela, y'entonces meteulla na man, e dixéronlle: «suerte tuveches», e seguiron.

«O que anda na procesión e lle pode meter a vela ou a cruz álguién, métenlla, y'as outras axúdanlle, en caso de que anden mal a gusto con éla». «D'unha vez un mozo, vindo da tuna, viu vir a proceseón; entónces tumbouse, porque así non poden faguerlle nada, e decían o chegar ond'él, faguendo moito aire: «eiqui cheira vivo, cheira»... y'él contestaba: «cheira pan de nogueira»...

«O tio Rato d'as Pegas, foi as Amérecas e trouxo, o vir, as liendas que falaban de muitos sitios, e, guiados por'elas, fixeron escavacíos en busca d'haberes y'encantos,

A fonte do Mouro, é produto d'unha escavación que fixeron os vellos en busca d'unha trabe d'ouro: «Cando andaban cavando aparecélle un mouro n'un cabalo, que lles dixo que non seguisen afondando senón darían c'unha trabe d'alquitrán antes do d'ouro, y'entonces non cavaron más». «Na misma fonte hay unha moura encantada qu'está sentada n'unha silla d'ouro. Había unha rapaza qu'iba coas ovellas pro veciño «monte de Picos» e a moura apareciáselle e peinaba moi ben con peina d'ouro; pero tiña que ser secreto, y'a rapaza contoullo a mai, entónces, a moura, comeuna; despóis ib'a mai verrando, «jay mifia Mariol!»... y'a moura contestou, «Maria, Mariola, frita en aceite vay na miña barrigola»... A mai d'esta moura tiña catro fillas encantadas na fonte; unha vez que foi un de Couso as seturias a Castilla, a vella enteirouse e deulle catro panochas de catro cornexos cada unha, pra que as fose tirar á fonte e lle desencantar'as fillas; mais a condanada da muller, o ver as panochas que traía o seu home, antoxóusell'o trigo e comeulle un cornexo a unha; pero cand'o home foi cumplir ca orden da vella, tirou as outras tres panochas, unha a unha, e foron salindo has-

ta tres cabalos moi gordos e n'éles tres mozas moi guapas, que se marcharon; más, o tirar a coarta, saliu un cabalo sin unha perna (efeuto d'haberlle comido cornexo a panocha), e por tanto a moza que viña n'él non pudo marchar e continou encantada, pero deulle de regalo pr'a muller un paño encarnado de seda, que habend'o atado a un carballo no camiño, quedou éste feito un carbón, como lle pasaria a muller se o puxera»...

«Dentro d'o castillo hay un pozo con varios metros d'auga, moi oscuro, e por il ten entrada, e debaixo hay un salón con moito ouro. Pra desencantalo, hay que levar un hovo d'unha pita negra, y'a pita; ésta sóltase no salón, y'o hovo estréllase na frente a un xigante qu'está dentro c'unha machada levantada pra matar ó que vaya se non se lle da co hovo»...

«A saída do pobo hay n'unha horta da «Crúde Cardeita» unha fonte cuberta de zarapallada por'a veira, y'ali sale, o día de San Juan, antes de nacer'o sol, unha cobra moi grande, qu'é unha persoa encantada. Trai un caravel na boca, y'o que llo quite co'a boca d'il, ten moito dinheiro, e s'é home, a cobra vólvese muller, e viceversa; pero s'está ali e non ll'o quita, cómeo a cobra.»

A xente parece que non cree moito n'esos encantos. Falando c'unha vella do pobo, que me deu algúns detalles, dice que, «agora parece que non hay ises encantos, que debian irse pr'o mar despóis de pasado certo tempo encantados.»

Xa qu'esto é un resumo, nada más do «Folk-lore», voulle dar remate a estas línhas mal amañadas, pra non cansar más' atención do leitor, citando as prantas medicinais más empreadas n'a terra. Éstas son: romeu, esteba, raíz de cana, malba, malbavisco, néveda, amplo, madroña, manzanilla, malbelo, clavo... etc., todas soLEN ser cocidas en auga pra beber, etc.,

Dentro de logo ou n'as próximas vacaciones de Setembre será aumentado.

M I S C E L A N E A

ONDE A TROITA LAVA OS SEUS

Pra percibir todo o engado da poesía popular, compre esgotar os finos matices das verbas combinadas dempois de observacións i-esperanzas seculares pol-o pobo galego. Cada día que pasa, garda pra miñ sorpresas dinas de seren anotadas pra millor interpretación do noso cancioeiro. Vexamos unha. En toda a terra galega é ouvida ista cántiga:

*Queridiña, dóenche os ollos,
tamén che me doen os meus;
vainos a lavar ó río,
onde a troita lava os seus.*

Pois ben: un pescador de rede en Ribadumia, manifestóume recentemente que, en determinado recanto do río, non podía haber troitas, porque *a troita era moi limpa e non se achaba n-aqueles logares en que houbese lama no fondo*, senón ali onde as augas fosen craras e sin lixos. Velaiqui que a frase final da cántiga transcrita non pode, pol-o mesmo, se referir ó río en xeral; é decir, non é ó río, a todo o río, onde hai que ir lavalos ollos que doen, senón a aqueles puntos da corrente onde a troita se baña e vive, lavando na limpeza os seus ollos dondos. Debe separarse, pois, c-unha coma o terceiro verso do segundo e non seguiros como Ballesteros fai (*Canc.*, tomo 1.º, páxina 3). Eisi adequire a cántiga mais concreto caraite profiláctico ou curativo, xa que de outra sorte podería ser tomada como lixeiramente humorística, arrastrado o verso de rradeiro pol-o terceiro que, si antes parecía o principal, agora, ca nova versión, pasa a ser sinxelo precedente do cuarto en onde culmina, precisándose, o consello que encerra o conxunto.

BOUZA-BREY.

DUAS GRAVURAS EN COBRE

Pra que os estudosos e afeicioados poidan aproveitar nos seus ficheiros e catálogos istas novas dou a descripción de duas estampas de artistas galegos que na miña colección figuram. As duas foron gravuradas con prancha de cobre. Mede a caixa de unha, sin letreiro, 190 × 125 mms. e representa a Virxe do Carme, de corpo enteiro, trepando nun conxunto de nubes e testas de anjos alados, colocado encol de un basamento. Ó redor do circo de estrela, superior hai nubes e un abrente do que saen raiolas que enchen todo o fondo da estampa. Ó pé consíñase ista lenda: *Verdadero retrato de Nuestra Señora del Carmen que se venera en su Convento de Mes. Carmelitas de esta Ciudad de Santiago. El Ilmo. Sr. D. F. Sebastián Malvar y Pinto Arzobispó. y Sr. de dicha Ciudad, concede 80 días de Indulgencia a todos los fieles que cada Ave María, que rezaren delle, dicha Santa Imagen rogarão a Dios por la Exaltación de la Iglesia. & Melchor Prado lo dibj. y grbo. la ret. Jordán en Santiago. 1785 L2..*

A outra representa á Purísima Concepción, en imaxe enteira, nun óvalo sostido por baixo por cinco anjos con atributos ó pé dos que se estende a inscripción: *La Purísima Concepción / El Exmo. Sr. Arzobispo de Santiago concedió 80 días de Indulgencia por cada Ave María, Letra o Salve que rece ante esta Yma. el Exmo. S. obisp. Auxiliar 40. A figura de la Virgen lleva en la mano izquierda una rosa y aparece colocada en un fondo de nubes y anjos formado por una gran placa de la orden de Carlos III que se perfila en medio de ellos. Enriba del óvalo entre guirnaldas de flores sostienen dos anjos un anagrama de María. Por baixo de la estampa lése el nombre del autor: Jordán en S. Año de 1847. Mede el conxunto de la grabación 176 × 120 mm. Tanto*

ista como a precedente dispónense ca maior dimensión pra a vertical.

BOUZA-BREY.

A LADAÍÑA DE STA. TREGA

Ainda oxe se pratica no monte sonado de Sta. Trega, pé da Guardia, o voto tan de vello estabrescido. Dél fala Murguía (B. R. A. G. T. VI, núm. 63, p. 58, 1912) que pubrica tamén as Constitucións da Confraría do Cramor de Sta. Trega, e denantes o P. Flórez (E. S. T. XXIII, p. 177) citado por aquél. Consiste o voto en xexun por todo o día (sen que se poída xantar sen non pan bieito) i-en certos ditos relixiosos. A Régra da Confraría (vex. Murguía p. 91) eispón por miudo as ceremonias e oracións que se teñen de facer. As de oxe son caxque o mesmo. Após da misa, cregos e leigos van en procisión, rezando a ladaíña de todolos Santos, engadida cos nomes de Sta. Trega e S. Xiao. Cos xionlllos no chan, pregan:

Indulgentias, Kyrie eleyson (Pater noster).

Indulgentias, Christe eleyson (Ave María)

Indulgentias, Kyrie eleyson.

Érguese e prosiguen:

SANCTA MARÍA. (rep. todos) *Sancta Marla, ROGAI Á DEUS POR NÓS. DEUS OUVID'A NÓS Kyrie eleyson. DEUS OUVID'A NÓS.*

SANCTA THECLA. (rep. todos) *Sancta Thecla, ROGAI Á DEUS POR NÓS. DEUS OUVID'A NÓS; Kyrie eleyson. DEUS OUVID'A NÓS.*

SANCTA DEI GENITRIX (Rep. todos como acima.)

SANCTA THECLA. (Idem.)

Do mesmo xeito cos demáis da ladaíña dos Santos.

Aportamos ista referencia por tratárese

NÓS

d'un dos poucos casos en que pervive ainda o emprego do galego nas oracións do pobo.

TOBIO FERNANDES

POÑEL-O SANTO

En moitas ermidas e santuarios da Galicia hai o costume de «poñel-o santo». C'un pequeno santiño de madeira o sancristán vai facendo unhas cruces na faciana do devoto axionllado. Na ermida de S. Roque, pé de Viveiro, dáse de cada volta un bico, ó tempo que se dí:

*O Santo che dea a Sanidá,
che libre da enfermidá,
pol-o poder que Dios ten
da Virxe María, amén.*

*Cristo viva, Cristo reine, Cristo impere
Cristo che libre de mala morte morir, amén.*

Logo bótase unha esmola.

TOBIO FERNANDES

A VERBA «FARXÁCOLA»

N-un bando dado pol-a Xusticia ordinaria de Sant-Iago, o 19 de Novembro do 1569, publicado por Pérez Costanti (*Notas Viejas Galicianas*, T. I, pág. 311), aparez a verba *fárxdcola* coma desinación despeitiva ou bulrista das «secas e nascidas», enfermidá que de aquela padecíasé d-abondo por Sant-Iago.

É moi posibel que as tales *fárxdcolas* correspondan —segundo parez das outras denominacións e dos remedios que se lle apriocaban e que se poden ollar na o. c.— ós bubóns. ¿Virá a verba *fárxdcola* de *farciacula* procedente do latín *farcio* «embutir, encher chourizos ou morcillas», é dicir «morcillina», cousa que se axeita perfeitamente ó ouxeto desfiado?

TOBIO FERNANDES

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

MAGALHÃES BASTOS, A. DE.—*O pintor quinhentista Diogo Teixeira. Da sua actividade artística no Porto.*—Edições Patria, Gaia.—MCMXXXI. 12 páxs. 4.^o.

O distinto amigo, Profesor da Universidade portuguesa, publicou na revista «Patria» iste estudo que agora nos dá en separata. Eisiste no Portugal moderno unha serie de investigadores adicados a facer rexurdir do esquecemento figuras gloriosas do arte do país, en particular da pintura quinhentista que acudou tan elevados cultivadores. Van aparecendo nomes denantes ignorados e entre eles non é menos glorioso o do pintor Diogo Teixeira. Magalhães Basto presenta-nos unha época da vida de este pintor perfectamente descoñecida: a da sua estancia no Porto pra pintar os seis painéis do retábulo da Capela mór da Igrexa da Misericordia. Pintou cinco Diogo Teixeira sonrientes a causa de que o do medio ficaba agachado pol-o sagrario, mais a Confraría encargoulle catro painéis máis. De eles conservanxe actualmente tres da serie «Misterios e Festas da Nosa Señora» con mais un da Visitation que o autor baseado en indicios documentais coída da mesma man de Teixeira. O arquivo da Misericordia é esplorado con feliz éxito pra a Historia do Arte portugués. Ilustran o estudo fotografiados das pinturas e reproduções da sinatura do artista. F. B. B.

PAÇO, TENENTE AFONSO DO.—*Usos e costumes, contos, crenças e medicina popular.* Imprensa Portuguesa, Porto, 1930, 20 páxs. en 4.^o. Separata da «Revista Lusitana», vol. XXVIII.

A maior parte do recollido pol-o prehistoriador e folklorista Afonso de Paço n-iste fascículo pertence á rexión miñota, sendo, por tanto, de grande proveito a Galicia pra facer preciosa laboura comparativa. Outras manifestacións do saber popular son do Alentejo e poucas do Algarve. Ben fai o erudito escritor en ir dando a coñecer materiais tan variados e tan curiosos da rica literatura popular do seu país e usos e costumes que non tardarán en ser desprazados. F. B. B.

ARMANDO DE MATTO.—*A casa de Mateus.* Edições Apolino Gaia, MCMXXX, 69 páxs. 4.^o.

ESTUDO sobre o morgadio da casa de Mateus, reformando certos puntos sobre a mesma cuestión, da obra de Brancamp Freire «Brasões da Sala de Sintra».

Poucas liñas e moita, non sabemos se decir excesiva, erudición.—X. L. F.

O INSTITUTO, vol. 81.^o, 4.^a Serie, volumen 10.^o, n.^o 4.

SUMARIO: *Nova contribuição documental para a biografia de Uriel da Costa (III estudo)*, por Artur de Magalhães Basto. — *Talhinas e as guerrilhas liberais*, por Cândida Florinda Ferreira. — *Historia da Lusitânia e dos povos que primitivamente habitaram a península Ibérica*, por Carlos Augusto da Silva e Oliveira. — *Lisboa na segunda metade do século XII. Meninice e a adolescência de Santo António*, por António de Mattos Cid. — *Subsídios para a Historia da música em Portugal*, por Sousa Viterbo. — *Uma apreciação crítica da Sociedade das Nações*,

Vol. 81.^o, 4.^a Série, Vol. 10.^o, n.^o 5.

SUMARIO: *A dieta hídrica*. — *Contribuição para a história da terapêutica*, Augusto da Silva Carvalho. — *A Intendencia Geral da Polícia da Corte e Reino*, João Jardim de Vilhena. — *Lisboa na segunda metade do século XII*. — *Letras divinas e humanas de Santo António*, António de Mattos Cid. — *Talhinas e as guerrilhas liberais*, Cândida Florinda Ferreira. — *Subsídios para a Historia da música em Portugal*, Sousa Viterbo. — *De Extremoz a Aljubarrota*, A. Botelho da Costa Veiga. — *Uma apreciação crítica da Sociedade das Nações*. — *Libros recibidos*.

BIBLOS, Janeiro e Fevereiro, 1931.

SUMARIO: Gago Coutinho, *Desdobramento da derrota de Vasco da Gama nos «Lusíadas»*. — Manoel de Sousa Pinto. Gonçalves

Dias em Coimbra, — A. G. da Rocha Madahil. — *A política de D. Afonso V apreciada em 1460*. — Moura Relvas, *Higiene intelectual escolar*. — P. José dos Santos Mota, *Métrica de Camões*.

Março e Abril, 1931.

SUMARIO: J. Leite de Vasconcelos, *Acção Episcopal na formação e desenvolvimento de povoações portuguesas*. — Henrique de Campos Ferreira Lima, *Notas a propósito de uma poesia inédita de Garret*. — A. G. da Rocha Madahil, *A política de D. Afonso V*. — Moura Relvas, *Higiene intelectual escolar*. — P. José dos Santos Mota, *Métrica de Camões*.

BROTÉRIA, Julho 1931.

SUMARIO: *A nova Autopologia criminal*, Serafin Leite. — *A evolução do dogma*, A. Martins Gama. — *D. Duarte e as responsabilidades de Tânger*, Domingos Mauricio. — *O futuro da aviação na guerra*, M. P. de Portocarrero. — *Direito canônico*, E. Lombart. — *Dois dossais sociais: 1891-1931*, S. L. — *Pelo Brasil*, Soares de Acevedo. — *Notas e factos. Subsídios para o Vocabulário Português*, J. Serafin Gómes. — *Notas bibliográficas*. — *Obras recebidas na Redacção*. — *Ephemérides*.

BROTÉRIA, Agosto 1931.

SUMARIO: *O Padroado e a expansão portuguesa no Oriente*, Serafin Leite. — Erich Wasman, J. S. Tavares. — *A evolução do dogma*, A. Martins Gama. — *Directrices de Profilaxia Social*, Riba Leça. — *Un novo caso de Trofobiose*, J. S. Tavares. — *A renovação católica na literatura contemporânea da França*, Domingos Mauricio. — *O movimento religioso no Brasil*, Soares de Azevedo. — *Notas e factos. Revista de revistas*. — *Notas bibliográficas*. — *Obras recebidas na Redacção*. — *Ephemérides*.

PORTUCALE, Janeiro e Fevereiro de 1931.

SUMARIO: *Evolução sematológica da palavra «Cidade»*, J. Leite de Vasconcelos. — *Ponta Vecchio*, Ricardo Jorge. — *Vão orgulho, Florbel Espanca*. — *Inéditos e autógrafos*. — *Uma Saúde aos novos*, Carlos Reis. — *Razões da Nacionalidade portuguesa e maternidade da sua civilização*, Jaime de Magalhães Lima. — *Poentes*, Claudio Basto. — *Soares dos Reis*, Pedro Vitorino. — *Bibliografia do Pa-*

leozoico relativa a Portugal, Carrington da Costa. — *Varia*. — *In Memoriam (Antonio Patrício e Florbel Espanca)*. — *Bibliografia*. — *Novidades*. — *Vida Académica*. — *Leilões de Livros*. — *Res et verba*.

Março e Abril de 1931.

SUMARIO: *Raul Brandão*, Ferreira Soáres. — *Nota lingüística*. — *Alguns processos de expressividade fonética*, João da Silva Correia. — *Abside da Sé de Braga*, desenho de Zeferino Couto. — *Inéditos e autógrafos*. — *Notável obra de ferro forjado do Século XII*, Emanuel Ribeiro. — *Notula filológica*, Francisco Torrinha. — *Um pintor francês em Portugal*, Armand Julian Palliere, Henrique de Campos Ferreira Lima. — *Na Exposição das rendas de Vila-de-Conde em Lisboa*, Luis Chaves. — *Nuvens*, quadro de Julio Ramos. — *Varia*. — *Bibliografia*. — *Novidades*. — *Vida Académica*. — *Leilões de Livros*. — *Res et verba*.

PORTUCALE, vol. IV n.º 21, Maio - Junho 1931.

SUMARIO: *A minha biblioteca*, J. Leite de Vasconcelos. — *O pintor Antonio Carneiro*, Vila-Moura. — *Inéditos e autógrafos*. — *Estudo (gravura)*, Abel Salazar. — *Subsídios para o estudo das consequências da analogia em Português*, Rodrigo de Sá Nogueira. — *Varia*. — *Gente de fora*. — *Bibliografia*. — *Novidades*. — *Vida académica*. — *Res et verba*.

LA NOSTRA TERRA, Maig 1931. Mallorca.

SUMARIO: *Els enemics de la República. El decret de bilingüisme*. — *La rosa dins la neu*, Maria Antonia Salvá. — *Mahatma Gandhi*, Josep Sureda i Blanes. — *Associació per la Cultura de Mallorca*. — *Els llibres y Les Arts*. — *Reculls de Fora*. — *Noticiari*.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca, Juny, 1931.

SUMARI: *Els drets dels pobles a la llibertat*. — *Avantprojecte d'Estatut de les Illes Balears*. — *La llegenda de Tannhäuser*, Bartolomeu Forteza. — *L'hora intel·lectual*, A. Esclans. — *Aristotelisme i Scotisme*, F. Sureda i Blanes. — *Diverses traduccions de Joan Pons i Marqués*. — *El primer rossinyol*, Miquel Cladera i Palmer. — *Associació per la Cultura de Mallorca*. — *Els llibres y Les Arts*. — *Recolls de Fora*. — *Noticiari*.



A hixiene dos nenos
é a garantía da sua saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás suas altas calidades
meicinás xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-
enrolo das criaturas e evita
o perigo da escrúfula e
o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta
DASTILLA



O Xabróñ da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMIENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antón M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimento dotado de todolos elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Diretores ou o Médico interno

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos
Talleres de fotograbado **ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha bliblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO